23.06.15.- Desestimo de solicitude de licenza de primeira ocupación para unha vivenda unifamiliar situada en Aguiar.

23.06.15.- Aprobación de concesión dun anticipo do 50% da subvención nominativa concedida a Escola de Educación Infantil da Luaña.

23.06.15.- Resolución de inicio procedementos sancionadores de tráfico.

26.06.15.- Alta no padrón do lixo dun recibo.

26.06.15.- Comisión de servizos dun traballador na actividade “Excursión da mocidade a Marbella 2015” do 20 ao 26 de xullo.

26.06.15.- Contratación de dun peón de obra e un oficial de II de obras para o “programa de financiamento de cuadrillas de obras e servizos mínimos municipais 2015”.

26.06.15.- Pago de produtividade.

26.06.15.- Ingreso de 300 € a favor do Xulgado de 1º Instancia núm. 6 de Santiago por cumprimento dun embargo a un traballador

26.06.15.- Ingreso de 197,90 € a favor do Xulgado de 1º Instancia e Instrucción núm. 1 de Negreira por cumprimento dun embargo a un traballador.

26.06.15.- Pago de extra de xuño.

26.06.15.- Pago de nóminas.

26.06.15.- .- Aprobación da xustificación e recoñecemento da obriga ca Asociación de Mulleres Xuntanza polo importe total de 2.100,00 euros.

26.06.15.- Autorización de acceso de expediente de cambio de titularidade na taxa pola recollida de lixo.

26.06.15.- Concesión axuda emerxencia social a un veciño.

29.06.15.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 23.259,16 € (facturas varias).

30.06.15.- Altas no padrón de habitantes do mes xuño.

30.06.15.- Baixas no padrón de habitantes do mes xuño.

30.06.15.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 932,25 € (cota campamento xuvenil).

30.06.15.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 120.106,66 euros (facturas varias).

02.07.15.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 97,12 euros (CP Agro Novo).

03.07.15.- Aprobación dos pregos de cláusulas administrativas e prescricións técnicas da contratación mediante procedemento aberto con múltiples criterios de adxudicación do contrato de servizo das escolas deportivas e supervisión do campo de fútbol do Concello de Brión.

03.07.15.- Pago de nómina a tres traballadores.

03.07.15.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 129,28 euros (anuncio BOP).

06.07.15.- Aprobación dos pregos de cláusulas administrativas e prescricións técnicas da contratación mediante procedemento aberto con múltiples criterios de adxudicación do contrato de servizo das escolas culturais, obradoiros para maiores e escolas musicais do Concello de Brión.

06.07.15.- Aprobación da certificación núm. única da obra Mantemento de beirarrúas nas parroquias de Brión e os Ánxelo no Concello de Brión por importe de 28.925,70€, IVE incluído.

07.07.15.- Adxudicación do subministro de “Aplicación para dispositivos móbiles Android e IOS para a promoción turística do Concello de Brión”, á empresa Ubiplay Mobile SL, por un importe de 2.848,65 €, iva incluído.

08.07.15.- Aprobación da xustificación e recoñecer a obriga co clube Bastavales UD polo importe total de 6.500,00 euros.

08.07.15.- Aprobación do padrón fiscal das taxas polos servizos de subministración de auga, saneamento, depuración de augas residuais e canon de auga, correspondente ao 2º trimestre de 2015.

08.07.15.- Concesión de axuda de emerxencia social a unha veciña.

08.07.15.- Baixa no servizo de axuda no fogar libre concurrencia dun veciño deste Concello.

08.07.15.- Aprobación do gasto por asistencias a sesións do Pleno da Corporación, Xuntas de Goberno e Comisións (do mes de maio ao 10 de xuño).

08.07.15.- Devolución de fianza constituída por MIBASA para responder do contrato de subministro das obras de mellora e mantementos de pistas en O Tremo, O Cabo, Piñeiro-Sanin, A Graña (Lote 2).

08.07.15.- Declarar elevado a definitivo o acordo de aprobación da modificación de créditos MC 16/2015.

08.07.15.- Inicio expediente de liquidación por cambio de titularidade na taxa de hixiene urbana

09.07.15.- Autorización para a celebración da festa do Carme no lugar de A Igrexa, Bastavales, o día 15 e 16 de xullo.

09.07.15.- Altas e baixas no Servizo de Axuda no Fogar libre concurrencia.

09.07.15.- Cambio de titulares no Padrón de Recollida do Lixo 2015.

10.07.15.- Aprobación definitiva do Padrón de Recollida do Lixo correspondente ao ano 2015.

10.07.15.- Designación dos membros da Xunta de Goberno Local e Tenentes de Alcalde.

10.07.15.- Establecemento da estrutura organizativa dos servizos administrativos do Concello.

10.07.15.- Desistimento do procedemento para a adxudicación do contrato de servizos “Escolas deportivas e supervisión do campo de fútbol do Concello de Brión” pola existencia de erros relevantes no cálculo das horas totais dos monitores de patinaxe e judo.

- 10.07.15.- Aprobación da liquidación das taxas pola prestación dos servizos da escola infantil municipal correspondentes ao mes de xullo de 2015.
- 10.07.15.- Aprobación do padrón do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar básica do mes de xuño de 2015.
- 10.07.15.- Aprobar o padrón do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar dependencia do mes de xuño de 2015.
- 10.07.15.- Requirimento de limpeza de fincas en Boimil.
- 10.07.15.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 2.757,50 euros (funcionamento do grupo municipal PSOE 1º semestre 2015).
- 13.07.15.- Aprobación da certificación núm. única da obra Mantemento de estradas Brión de Arriba a Riazos, Gronzo, Brión de Abaixo (Brión), Casaldoeiro (Bastavales), Moldes Luaña e Pousada (Viceso) por importe de 52.200,13€, IVE incluído.
- 13.07.15.- Aprobación de expediente de modificación de crédito MC 22/2015.
- 14.07.15.- Convocatoria sesión extraordinaria do CONCELLO PLENO para o día 17 de xullo.
- 14.07.15.- Altas e baixas no Programa de Axudas ao Transporte presentadas entre os días 1 de abril e o 30 de xuño de 2015.
- 15.07.15.- Autorización para a celebración da festa do Carme no lugar de A Igrexa, Luaña, o día 19 de xullo.
- 15.07.15.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 2.757,50 euros e 6.030,60 €(campamento infantil e manutención viaxe mocidade).
- 15.07.15.- Renovación e altas, presentadas para participar nos Encontros-Baile para a terceira idade para o ano 2015.
- 15.07.15.- Presentación da autoliquidación do modelo 111 referido a retencións e ingresos a conta do IRPF do 2º trimestre 2015.
- 16.07.15.- Adjudicación do servizo de catering para a festa dos maiores do Concello de Brión 2015 o día 6 de setembro de 2015 a Restaurante A Magdalena, polo importe máximo de 14.520,00 €, IVE incluído.
- 16.07.15.- Requirimento de limpeza de fincas no lugar de Beca.
- 16.07.15.- Requirimento de limpeza de fincas no lugar do Rial.
- 16.07.15.- Requirimento de limpeza de fincas no lugar de Gundín.
- 16.07.15.- Requirimento de limpeza de fincas no lugar de Nináns.
- 16.07.15.- Requirimento de limpeza de fincas no lugar de Nináns.
- 16.07.15.- Devolución de recibo cuxo importe é de 602,41€ pola empresa Generali Seguros correspondente á prima anual do segura da escola infantil.
- 16.07.15.- Aprobación da certificación única da obra de: Acondicionamento de tramo urbano de beirarrúa, emprazada no lugar de Soigrexo realizada pola empresa Alcomte Galicia SL por importe de 9.559,00 €, ive incluído.



- 17.07.15.- Requirimento de limpeza de fincas no lugar de Vioxo de Abaixo.
- 17.07.15.- Requirimento de limpeza de fincas no lugar de Busto de Frades.
- 17.07.15.- Aprobación do “Convenio de colaboración para construción dunha cuberta no patio da Escola Infantil de Os Ánxeles- Brión”, coa ANPA “Rosalía de Castro” e a Fundación Paideia Galiza.
- 17.07.15.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 36,30 € (Vodafone Ono).
- 17.07.15.- Concesión dunha axuda de emerxencia social a un veciño.
- 17.07.15.- Determinación de concelleiros que ocuparán cargos con réxime de dedicación exclusiva ou parcial.
- 17.07.15.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 18.066,09 € (Gas Natural SUR SDG).
- 17.07.15.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 86.760,55 € (facturas varias).
- 20.07.15.- Reintegro de cantidades aboadas por traballadores en concepto de pagamento anticipado de diversos gastos.
- 20.07.15.- Resolución de inicio de procedemento sancionador de tráfico
- 21.07.15. Aprobar a concesión de un anticipo do 50% da subvención nominativa concedida a EEI de Os Ánxeles.
- 21.07.15.- Execución subsidiaria da obriga de xestión da biomasa forestal dunha finca en Bastavales.
- 21.07.15.- Aprobación de inicio de expediente e bases que rexerán a convocatoria para a contratación dun educador/a (persoal laboral temporal) e creación dunha listaxe de agarda.
- 22.07.15.- Requirimento de limpeza de fincas no lugar de Liñares.
- 23.07.15.- Requirimento de limpeza de fincas no lugar de Igrexa.
- 23.07.15.- . Contratar o servizo de “CAMPAMENTO INFANTIL VERÁN 2015”, á empresa AQUAFIT GESTIÓN SL, polo importe máximo de 10.820,34 €, iva incluído.
- 23.07.15.- Contratar o servizo de “TRANSPORTE DO CAMPAMENTO DE VERÁN 2015”, á empresa AUTOCARES MODESTO RIVEIRO S.L., polo importe máximo de 1.750 €, iva incluído.
- 23.07.15.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 166,47 € (gastos de locomoción e mantención de varios traballadores).
- 23.07.15.- Convocatoria da Xunta de Goberno a celebrar o 24 de xullo.
- 24.07.15.- Requirimento de limpeza de fincas no lugar de Boimil.
- 24.07.15.- Denegación dunha axuda de emerxencia social a un veciño por non aportar a documentación xustificativa requerida.
- 24.07.15.- Convocatoria de sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local para o 31 de xullo.

24.07.15.- Aprobación dos pregos de cláusulas administrativas e prescricións técnicas particulares que rexeran a contratación do servizo das escolas deportivas e supervisión do campo de fútbol do Concello de Brión.

24.07.15.- Requirimento de limpeza de fincas no lugar de Coruxido.

24.07.15.- Requirimento de limpeza de fincas no lugar de Trasouteiro.

24.07.15.- Requirimento de limpeza de fincas no lugar de Lamiño.

24.07.15.- Convocatoria sesión extraordinaria do pleno a celebrar o 31 de xullo.

24.07.15.- Pago de nóminas correspondente ao mes de xullo.

24.07.15.- Pago de nómina da alcaldía do mes de xuño.

24.07.15.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 100 € (Panadería Serramito SL).

24.07.15.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 18.149,32 euros (facturas varias).

24.07.15.- Concesión de incremento de horario solicitado durante o mes de agosto do servizo de SAD a unha veciña.

24.07.15.- Recoñecemento de trienios a dous traballadores.

24.07.15.- Concesión de gratificacións a un traballador.

24.07.15.- Ingreso de 300 € a favor do Xulgado de 1º Instancia núm. 6 de Santiago por cumprimento dun embargo a un traballador.

24.07.15.- Ingreso de 98,85 € a favor do Xulgado de 1º Instancia e Instrucción núm. 1 de Negreira por cumprimento dun embargo a un traballador.

27.07.15.- Alta no programa de "Xantar na Casa" dunha veciña.

28.07.15.- Baixa dun veciño no servizo de axuda no fogar.

30.07.15.- Pago das cotas sociais do mes de xuño.

31.07.15.- Autorización para a celebración dunha verbena no lugar de Soutullos, San Salvador, o día 5 e 6 de agosto.

31.07.15.- Requirimento de limpeza de fincas no lugar de Liñares.

31.07.15.- Desestimar a solicitude de devolución de ingresos do prezo público da actividade da excursión Mondoñedo-Asturias.

31.07.15.- Devolución de ingresos por un importe de 82,98 € correspondentes á taxa por actividades e servizos relacionados coa hixiene urbana do ano 2014.

31.07.15.- Aprobación da facturación do mes de xullo de 2015 polo aluguer de local a Electricidade Cruceiro S.L.

31.07.15.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego polo importe de 405 €.

31.07.15.- Aprobación das liquidacións da Xunta de Goberno Local celebrado o 24 de xullo.

31.07.15.- Aprobación das liquidacións da Xunta de Goberno Local celebrado o 31 de xullo.

31.07.15.- Encomendación da secretaría da Comisión Especial de Contas, ao técnico de Administración Xeral, por delegación do secretario do concello.

31.07.15.- Adscrición de catro traballadores para a obra de Mantemento de diversas pistas municipais nas aldeas de Guitiande, Vilanova/O Rial, Gosende/Souto, Chave de Carballo, e diversas rúas nos lugares de Pedrouzos e Lamiño.

31.07.15.- Adscrición de dous traballadores para a limpeza e desbroce dunha finca en Bastavales, a costa do titular.

03.08.15.- Altas padrón de habitantes do mes xullo.

03.08.15.- Baixas padrón de habitantes do mes xullo.

03.08.15.- Autorizar e bonificación pola utilización das instalacións municipais ás entidades deportivas SD Luaña, SD Brión e UD Bastavales.

03.08.15.- Aprobación da facturación do mes de agosto de 2015 polo aluguer de local situado en Agronovo nº 126 a Electricidade Cruceiro S.L.

03.08.15.- Nomeamento accidental dun funcionario para o desempeño do posto de Secretaría deste concello durante as vacacións do titular.

03.08.15.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 97,12 € (CP Agro Novo).

04.08.15.- Aprobación da conta xustificativa presentada S.D Brión polo importe de 5.300 €.

05.08.15.- Autorización para a celebración da festa de San Xulián na Luaña o día 11 de agosto.

05.08.15.- Aprobación de expediente de modificación de saldos de dereitos recoñecidos de orzamentos pechados por omisións ou erros contables.

06.08.15.- Corrección de erro tipográfico no número fixo duns recibos do Padrón do Lixo dos entre os anos 2009 e 2014.

07.08.15.- Aprobación definitiva do Padrón fiscal conxunto das taxas por servizos de subministración de auga, saneamento, depuración de augas residuais e canon de auga, correspondente ao 2º trimestre de 2015.

07.08.2015.- Resolución de inicio procedementos sancionador de tráfico.

10.08.15.- Autorizar e bonificación pola utilización das instalacións municipais á entidade Brión Futsal.

10.08.15.- Convocatoria da Xunta de Goberno Local a celebrar o 11 de agosto.

11.08.15.- Aprobación de anulación dunha liquidación do ICIO dunha obra menor ao existir un erro no orzamento de execución material e aprobación dunha nova liquidación.

11.08.15.- Aprobación da conta xustificativa presentada Brión Futsal polo importe de 2.611,54€.

11.08.15.- Aprobación da conta xustificativa presentada pola Sociedade de Caza Altamira polo importe de 3.029,79 €.

12.08.15.- : Rexeitamento da factura presentada pola empresa Viajes Halcon SAU, polo servizo da viaxe da terceira idade Andorra-Lourdes por non axustarse ao previsto no contrato.

12.08.15.- Inicio de expediente de baixa de oficio por inscrición indebida no Padrón de Habitantes do Concello de Brión.

12.08.15.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 114.246,25 € (facturas varias).

12.08.15.- Aprobación dunha liquidación por importe de 923,39 € en concepto de taxa polo servizo de escola infantil municipal correspondentes ao período de xaneiro a xullo de 2015.

12.08.15.- Aprobación dunha liquidación por taxa licenza de primeira ocupación.

12.08.15.- Aprobación da conta xustificativa presentada SD Luaña polo importe de 3.613,00€.

12.08.15.- Aprobación expediente modificación de crédito MC 23/2015.

13.08.15.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 25,95 € (LOGALDIS CORUÑA, S.L).

13.08.15.- Nomeamento de interventor accidental dun funcionario durante as vacacións da titular.

14.08.15.- Autorización para a celebración dunha festa no lugar de Soigrexo-Os Anxeles, os días 15,16,17 e 18 de agosto.

14.08.15.- Confirmación de prazas do Campamento de Verán 2015.

17.08.15.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 36,30 € (VODAFONE ONO, S.A.U).

19.08.15.- Aprobación dunha lista de agarda para contratación laboral dun educador para a escola infantil municipal de Brión.

20.08.15.- Aprobación das liquidacións de concesión de licenzas, de comunicacións previas (obras) e de obra maior outorgadas pola XGL celebrada o 11 de agosto.

21.08.15.- Autorización para a celebración dunha festa no lugar de O Tremo - Os Anxeles, os días 30 e 31 de agosto.

21.08.15.- Aceptar o desistimento de BACOGA, S.L.no procedemento iniciado á súa instancia para o outorgamento dunha licenza de obra para a rehabilitación da cuberta dunha construción para almacén.

21.08.15.- Incoación expediente reposición de legalidade polas obras de ampliación e reforma dunha edificación no lugar de Soigrexo.

21.08.15.- Embargo de 129,80 € na nómina dunha traballadora.

24.08.15.- Adxudicación de horas libres no servizo de axuda no fogar para persoas dependentes.

24.08.15.- Convocatoria da Xunta de Goberno Local a celebrar o 25 de agosto.

25.08.15.- Autorización para a celebración dunha festa no lugar de A Graña - Comanda, o día 30 de agosto.

25.08.15.- Resolución sancionadora en materia de tráfico.

26.08.15.- Autorización para a celebración dunha festa no lugar de Chave de Carballo-Bastavales, os días 29 e 30 de agosto.

28.08.15.- Convocatoria sesión ordinaria do Pleno a celebrar o 2 de setembro

### **3º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE FESTIVOS LOCAIS 2016.**

Dada conta da proposta da Alcaldía do 27 de agosto de 2015, que transcrita di:

“Visto o Decreto da Consellería de Traballo e Benestar 103/2015, do 15 de xullo, polo que se determinan as festas da Comunidade Autónoma de Galicia do calendario laboral para o ano 2016 (DOG 139, do 24.07.2015), propoño ao Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:

1º) Propoñer como festivos locais deste Concello para 2016 as seguintes datas:

- O xoves 5 de maio de 2016 (festas da Ascensión) e martes 27 de setembro de 2016 (Santa Minia).

Tal é a miña proposta non obstante o Pleno do Concello previo ditame da Comisión Informativa de Ordenación do Territorio e Urbanismo, Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos adoptará o acordo que estime máis pertinente.”

Non se producen intervencións.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 12, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (9), PP (2) e BNG (1).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta nos seus propios termos.

### **4º) MOCIÓN SECTOR LÁCTEO.**

Dada conta da moción presentada polo Grupo Municipal do PSdG- PSOE o 20 de agosto de 2015, que transcrita di:

#### **“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

As explotacións lácteas galegas están nunha situación económica límite: ameazadas con deixar de recollerlles o leite, prezos ruinosos, a imposición de contratos de condicións abusivas por parte das industrias e a banalización do leite por parte da distribución, que segue a empregalo como produto reclamo.

Miles de familias viven de xeito directo e indirecto da produción de leite en Galicia, sendo en moitas comarcas un sector estratéxico tanto a nivel de emprego como dende o punto de vista económico, social ou de xestión do territorio. Fronte á profunda crise que está a vivir o sector lácteo galego e á ameaza de deslocalización da produción de leite cara a outras partes do estado e de Europa.

A mala acollida nun principio do paquete lácteo, polo menos por unha bando do sector industrial, contribuíu a que en España se produza un fenómeno que non ten precedentes en ningún país da UE e moito menos nun país deficitario como é o noso, cal é o abandono de rutas de recolleita ou ameazas de non recoller. Esta situación é insostible e menos nun produto tan perecedeiro como o leite.

A sinatura de máis de 3.000 contratos con prezos de entre 18 e 22 céntimos por litro, arruína aos gandeiros a curto prazo e ameaza con desequilibrar toda a cadea de valor.

Dende fai máis de un mes, tanto a nivel galego como nas diferentes comarcas máis importantes de Galicia a nivel de produción de leite, os gandeiros e gandeiras véñense manifestando de forma moi importante esixindo das administracións en xeral e sobre todo do Goberno Galego unha rápida intervención e que lidere propostas políticas a nivel nacional e europeo sen que ata o de agora sexan escoitados.

Por todo o anterior, o Grupo Municipal Socialista de Brión, dado a importancia que o sector representa neste concello, como dinamizador fundamental e base da nosa economía produtiva propón ó Pleno municipal a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

Solicitar do Goberno da Xunta de Galicia a que de acordo co sector desenvolva medidas políticas urxentes para evitar o peche de miles de explotacións de leite.

#### **MEDIDAS A CURTO PRAZO.**

##### **1. Cuantificación do excedente lácteo e xestión do mesmo a través dos mecanismos de intervención, almacenamento privado e entrega a terceiros países.**

España é un país importador de leite, tanto de produtos elaborados como de leite en po. O Goberno de España ten que xustificar a posta en marcha das medidas de intervención desde a idea de que o noso país vive nestes momentos unha situación excepcional con risco grave de desvertebración do conxunto do sector produtor. Débese por en marcha compras públicas de intervención para o leite en po e manteiga a prezos que cubran polo menos os custos de produción dos gandeiros. O almacenamento privado e a entrega a terceiros países son sen dúbida fórmulas que tamén deben ser postas en marcha. O mundo necesita leite e nós nestes momentos podemos proporcionarillo.

##### **2. A determinación de un “prezo sostible” para o leite, baseado nos prezos mínimos da industria e da distribución tal como están recollidos no observatorio do Ministerio ós que se agregarían o prezo medio do leite na UE-15.**

Os gandeiros galegos están dispostos a competir no mercado pero o que non poden é soportar os prezos máis baixos de Europa e con diferencias de ata 8 céntimos con respecto a outras comunidades autónomas do Estado, non é xusto nin explicable por ningunha razón e menos polas razóns do “mercado”. Este prezo nunca podería ser inferior ós custos de produción dos gandeiros, algo suficientemente obxectivo.

##### **3. Vixilancia e sanción dos contratos lixo, de modo que se consideren nulos e se logre o compromiso coa industria que opera en España para recolocar ese leite a prezos de mercado.**

Nun contexto no que os mercados nacionais e internacionais ofrecen expectativas, é preciso recoller todo o leite que existe no mercado a prezos de mercado.

##### **4. Acabar coa banalización que con frecuencia se fai do leite e só produtos lácteos nos lineais da gran distribución.**

É preciso xerar valor na cadea láctea e que devandito valor se reparta ao longo da mesam. Debe cumprirse a Lei de Transparencia da Cadea Alimentaria en especial as labores de control, inspección e sanción de prácticas comerciais irregulares.

- 5. Axudas inmediatas directas ás explotacións, para evitar o peche xa que arrastran moitos meses perdendo cartos.**

#### **MEDIDAS A MEDIO PRAZO:**

- 1. Regulación dos primeiros compradores de modo que sexan verdadeiros operadores loxísticos que aporten algún valor na cadea, e non meros intermediarios.**

A esixencia de un aval suficiente pode ser unha forma de regulación que ofrezca garantía de cobro aos produtores. Tamén se debe axilizar a retirada do permiso de actividade no caso de reincidencia nas prácticas nocivas para o sector.

- 2. Necesidade de recuperación do consumo.**

Impulso do programa de leite escolar que permita unha mellora da imaxe do leite e os produtos lácteos e un aumento do seu consumo nun fragmento de poboación máis xoven. Mellora da imaxe do leite e oos produtos lácteos utilizando argumentos que contrarresten a imaxe negativa do leite que se dá en moitos ámbitos.

- 3. É preciso estabilizar as relacións entre os distintos axentes da cadea láctea.**

A interprofesional láctea e o contrato lácteo son elementos importantes de estabilidade e vertebración sectorial. É preciso buscar fórmulas novidosas que resolvan a difusión dos índices de referenciación de prezos para o seu uso de forma xeneralizada nos contratos lácteos.

É unha prioridade para que a negociación dos termos do contrato se produzan en condicións de equilibrio. Varios son os elementos que producen desequilibrio na negociación. Un é o carácter perecedeiro do produto, a diferenza da capacidade de concentración entre produtor e industrial, e a existencia dunha única canle de venda de leite sexa a primeiros compradores ou industrias.

- 4. Aposta por unha verdadeira negociación colectiva dos elementos do contrato a través das organizacións de produtores tal e como o paquete lácteo permite.**

Desenvolvemento da figura do mediador, para que interveña naqueles casos en que non existe acordo nas condicións de contrato previo á sinatura do mesmo ou para aqueloutros en que a industria nin sequera se queira sentar coas organizacións de produtores.

A deslocalización da produción láctea é unha das grandes preocupacións pois pode afectar a moitos dos pequenos e medianos produtores de leite. É necesario establecer instrumentos para evitalo.

- 5. Establecer un plan estratéxico de futuro para o sector lácteo galego.**

Consideramos necesarias medidas de carácter estratéxico para reforzar e asegurar a posición de liderado do sector lácteo galego en España e poder facer fronte en mellores condicións a posibles crises de baixos prezos de mercado que poden repetirse na nova situación de mercado liberalizado. Neste sentido hai que acordar e comprometerse á elaboración urxente, tal e como o PSdeG- PSOE reclamou de forma reiterada, dun plan estratéxico do Sector Lácteo Galego:

- Contando con todos os axentes implicados.
- Con compromisos orzamentarios axeitados, claros e calendarizados.

- Con medidas enfocadas para que os produtores poidan abaratar os custos de produción e centrados fundamentalmente nun eficaz acceso a máis base territorial.
- Con un plan industrial propio galego que conte coas cooperativas, e que dote a este país de estruturas de fabricación de produtos elaborados que xeren maior valor engadido que o leite líquido.”

Fai uso da palabra o Sr. Alcalde para explicar que na comisión informativa de onte o BNG propuxo unha transacción nesta moción, que se aceptaron, polo que o seu texto experimentou algúns cambios en relación coa presentada inicialmente.

O Sr. Pena Espiña indica que se acordou dese xeito, que fose unha moción da Corporación.

Di o Sr. Alcalde que a intención é a de que a moción o sexa de toda a Corporación. A este respecto, sinala que non lles quedou moi clara a postura do PP, polo vai dar lectura á moción.

O Sr. García Arcos sinala que o do sector lácteo é un problema que se debe solventar, xa que é moi importante para Galicia, en xeral, e para a comarca.

Referíndose ao contido da moción explica que hai propostas que xa se están a desenvolver ou están funcionando, como a acción europea para a compra de manteiga.

Non se producen máis intervencións.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 13, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (9), PP (2) e BNG (2).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta nos seus propios termos.

## **5º) MOCIÓN.**

Non se presentan mocións urxentes.

## **6º) ROGOS E PREGUNTAS.**

O Sr. Alcalde dá lectura ao rogo formulado polo Grupo Municipal do PP, que é do seguinte teor literal:

“A raíz da próxima celebración da Carreira Popular de Brión e coa intención de tratar de mellorar esta proba, propoñemos os seguintes cambios:

- Eliminación dos premios económicos nas categorías absolutas.
- Inclusión de cronometraxe oficial e xuíces a través da Federación Galega de Atletismo.
- Cambio de lugar para a celebración das probas infantís, pasando a disputarse no entorno da Urbanización Lamas de Albariño, mantendo a proba a absoluta na carballeira de Santa Minia.
- Organización das probas infantís por categorías oficiais, Prebenxamín, Benxamín, Alevín, Infantil e Cadete.



- Búsqueda de patrocinios para trofeos e avituallamento a través da concellería de deportes.

Este paquete de medidas teñen como obxectivo mellorar o desenrolo da carreira, aumentar o atractivo da mesma e ampliar a difusión da proba ó público intentando desta forma mellorar os resultados de participación das últimas edicións.

Dende o Grupo Municipal do Partido Popular de Brión poñémonos a disposición do Concello para axudar no bo desenrolo desta Carreira Popular.”

Non habendo máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde declara rematado o acto, levantándose a sesión ás trece horas e quince minutos, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario, dou fe.

O alcalde.

O secretario,

Vº e Prace,

José Luis García García.

José Manuel González García.